

DÍA DA FAMILIA



Para celebrar este día, que se celebra o 15 de maio, imos preparar un regalo para a vosa familia, porque sexa como sexa, é a mellor.

Que necesitas?

cartón (pode ser da caixa de leite, dunha caixa de zapatos...),
folios/cartolinas/ ceras/ témperas/ pinzas/fotos

Como se fai?

Colle algo da cociña que che sirva para facer a circunferencia (un cazo, unha mota, etc.) , repasa o contorno e recorta. Despois podes pegarlle un folio amarelo encima, ou coloreala de amarelo con rotus ou ceras.

A continuación colle 8 pinzas e pégaas ao círculo con cola/celo... pola parte pola que se abren. Se non tes pinzas podes poñer palliñas, paos, clips...Tamén podes recortar 8 rectángulos estreitos de cartón e pintalos.

Deseña tamén os rollos, nariz e boca ao teu gusto.

a continuación, tes que elixir o que vas colocar nos raios. Podes facer debuxos, escribir mensaxes bonitas ou colocar fotos que che gusten da túa familia.

Esto é so unha idea, ti podes deseñar o sol ao teu gusto.

Por último, busca papel de regalo ou papel de periódico e envolve con coidado a túa manualidade. Regálallo á túa familia xunto cunha aperta moi grande!